

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 24/04/2019, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.-
- 2º.- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Fisterra (PXOM).-
- 3º.- Aprobación, se procede, do Presuposto Ordinario de 2019.-
- 4º.- Modificación do Convenio a formalizar coa Autoridade Portuaria sobre Estrada o Faro de Fisterra.-
- 5º.- Mocións de grupos políticos.-
- 6º.- Proposta modificación Regulamento Municipal de Animais Domésticos.-
- 7º.- Proposta modificación Ordenanza Fiscal da Taxa de vados.-
- 8º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 9º.- Rogos e Preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:00 horas, do día 24/04/2019, reúnense no Salón de Sesións da casa do concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación en primeira convocatoria, coa seguinte:

1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

-Sometida a votación a do día 2 de Abril de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

2º.- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Fisterra (PXOM). -

Unha vez examinado o expediente e visto o Informe Técnico emitido polo Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación, o Pleno da Corporación por Sete votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia Galega) e sen a participación dos Concelleiros do grupo popular asistentes , acorda :

1) Aprobar ó Refundido do Documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra redactado por parte da Empresa adjudicataria ALFONSO BOTANA S.L., aprobado provisionalmente polo Pleno na sesión do día 17 de Marzo de 2016 coas modificacións introducidas que se detallan no Informe Técnico que consta no expediente administrativo.-

2) Remitir certificación deste acordo á Dirección Xeral de Urbanismo coa finalidade de que se emita o Informe preceptivo dentro do prazo regulamentario para posterior aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra.-

INTERVENCIONS

Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega

Dicir que como son partidario de que é moito mellor un plan malo que unha anarquía urbanística considero, sempre no interese de Fisterra, rematar o actual Plan Xeral de Ordenación Municipal.-

Teño as miñas dúbidas de que esta modificación a instancia súa, non vaia a interromper o Plan pero si isto non interrompe o camiño do mesmo e é unha mellora votarei a favor sempre e cando non se poña en perigo o cómputo de prazos e si como vostede manifesta que o dixeron na Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta Galicia, vouvos facer caso.-

Sr. Alcalde

Na Xunta de Galicia manifestaronnos que non daría lugar á interromper prazos por tratarse da modificación dun erro.

3º.- Aprobación, se procede, do Presuposto Ordinario de 2019.-

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención, o Pleno por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG) e Cinco abstencións (4 grupo popular e 1 Convergencia Galega), acorda:

1º Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o exercicio de 2017, que ascende tanto no Estado de Gastos como no Estado de Ingresos á cantidade de Tres millóns oitocentos trinta e sete mil cento setenta euros con sesenta e seis céntimos (3.837.170,66 €) correspondendo a cada Capitulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

Estado de Gastos

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	1.250.202,79 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.649.390,37 €
3	Gastos financeiros	200,00 €
4	Transferencias correntes	83.165,63 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións Reais	854.211,87 €
7	Transferencia de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
SUMA TOTAL DE GASTOS		3.837.170,66 €

Estado de Ingresos

CAPITULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos Directos	716.625,89 €
2	Impostos Indirectos	40.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	602.856,24 €
4	Transferencias correntes	1.718.185,81 €
5	Ingresos Patrimoniais	87.742,32 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
7	Transferencias de capital	671.760,40 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
SUMA TOTAL DE INGRESOS		3.837.170,66 €

2º Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito orzamento.

3º De conformidade co disposto no Art. 126-1 do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, en relación co Art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, apróbase o Cadro de Persoal en relación de postos de traballo que figura no expediente.

4º Que se expoña ó público por espazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no Art. 150.1 da citada Lei.

5º Que no suposto de non se presentaren reclamacións contra o mesmo, será considerado definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, xuntamente co Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo, segundo expoñen os Art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, e 150.3 da referida e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

INTERVENCIONS

Sr. Alcalde

Dicir que nestes presupostos inclúesen os remanentes de crédito procedentes das Baixas de Plans Provinciais da Excma. Deputación.-

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

En relación coa construción da Casa da Cultura, ¿canto era a subvención que lle concedeu a Deputación?

Contéstaselle polo Sr. Sar Oliveira do grupo BNG que Douscentos mil euros (200.000 €) cunha participación municipal de Cincuenta e tres mil catrocentos setenta e cinco euros (53.475 €).-

Denótase na confección do presuposto a falta de previsión para o arranxo do Polideportivo municipal, actualmente en malas condicións.

Sr. Alcalde

Actualmente estamos co Proxecto ó entender que é moi necesario arranxalo; tamén estamos estudando en facer unha actuación integral do campo de fútbol; adecentaránse os vestiarios e instalaránse uns novos termos para as duchas (cambiaranse os catro) porque se estropearon; tamén se establecerá un sistema para control de lexiónela coa finalidade de cumprir coas normas da Consellería de Sanidade e mantelos nas debidas condicións sanitarias.

Farase a comunicación entre o Pavillón Municipal e o Campo de Fútbol así como unha reestruturación deste último con outro tipo de espazos para a súa ampliación dado que actualmente nos queda pequeno.

4º.- Modificación do Convenio a formalizar coa Autoridade Portuaria sobre Estrada o Faro de Fisterra.-

O Pleno da Corporación por Seis votos a favor (4 PsdG-PSOE e 2 BNG) e Cinco en contra (2 grupo popular e 1 Convergencia Galega) acorda :

1) Aprobar o novo Convenio coa Autoridade Portuaria para establecer as actuacións previas á cesión da titularidade da estrada de acceso ao Faro de Fisterra, co seguinte contido:

PRIMEIRO. A Autoridade Portuaria da Coruña é titular do vial de acceso ás instalacións de sinais marítimos do Faro de Fisterra, o cal de acordo co establecido no artigo 67 do R.D Lexislativo 2/2011, pertence ao dominio público portuario estatal.

SEGUNDO. O citado vial discorre polo municipio de Fisterra na súa totalidade, na provincia da Coruña.

O vial ten o seu inicio no cruce da Rúa Manuel Lago Pais e a AC 445.

A lonxitude total do vial é de 2.701,70 m, con ancho de calzada variable entre 7,00 e 9,40 metros aproximadamente.

No ANEXO I inclúense planos descritivos do vial

TERCEIRO. O dito vial tiña orixinariamente a consideración de camiño de servizo para o acceso ás instalacións de sinais marítimos do Porto da Coruña, sen embargo o uso actual por parte do persoal da Autoridade Portuaria da Coruña, é puntual e vencellado aos labores de mantemento necesarios para o funcionamento do sinal marítimo.

Sen embargo, dito vial discorre en parte por núcleo urbano de Fisterra, e en gran medida é utilizado polos turistas e peregrinos do Camiño de Santiago que visitan o Faro.

CUARTO. De acordo coa nova redacción da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, o Concello de Fisterra, ten dentro das súas competencias propias, a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como o tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.

QUINTO. A data actual, existe unha demanda municipal e veciñal de transferencia da titularidade do vial vencellado ao importante uso turístico desta infraestrutura, o cal vai máis alá da competencia da Autoridade Portuaria da Coruña, tendo en conta a fin desta infraestrutura, como vial de servizo de acceso ao sinal marítimo.

Por iso, ambas partes consideran adecuado que a titularidade, e polo tanto, a xestión e mantemento do vial debería corresponder ao Concello de Fisterra, para adecuar a súa explotación ao uso que actualmente ten o vial, sendo a Autoridade Portuaria da Coruña un usuario máis da mesma, incorporándoo desta forma á rede viaria municipal.

SEXTO. O presente convenio encádrase dentro dos establecidos no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, de 1 de decembro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e supón unha mellora da eficiencia da xestión pública, ao trasladar a titularidade do vial de acceso ao Faro de Fisterra a un organismo que ten ésta dentro das súas competencias propias, o que suporá un mellor servizo para os cidadáns usuarios de dita estrada.

SÉPTIMO. O presente Convenio foi aprobado polo acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña na sesión celebrada o día e polo Pleno do Concello de Fisterra celebrado no día de hoxe, baixo ás seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA. O obxecto deste Convenio é o desenvolvemento das actuacións necesarias previas á cesión gratuíta da titularidade do VIAL DE ACCESO AO FARO DE FISTERRA, definido no ANEXO I do presente convenio, por parte da Autoridade Portuaria da Coruña a favor do Concello de Fisterra, para a súa incorporación á rede viaria municipal.

SEGUNDA. O Concello de Fisterra asumirá a partir do día seguinte da sinatura do presente Convenio á explotación, mantemento e conservación do VIAL DE ACCESO AO FARO DE FISTERRA, ata que sexa efectiva a cesión, quedando a Autoridade Portuaria exenta de calquera outro gasto ou responsabilidade sobre o referido vial.

A explotación, mantemento e conservación do vial refírese tanto á infraestrutura viaria como a sinalización vertical e horizontal do mesmo, e comprenderá todas as actuacións necesarias tanto preventivas como correctivas para manter unhas condicións de circulación adecuadas de acordo coa normativa vixente e de acordo cos procedementos e prácticas do propio Concello respecto á rede viaria da súa titularidade, quedando o vial suxeito ás mesmas condicións que o resto de viais de dita rede.

TERCEIRA. A Autoridade Portuaria da Coruña tramitará, de conformidade co establecido nos artigos 71 e seguintes da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e normas de desenvolvemento, o oportuno expediente de mutación demanial do vial de acceso ao Faro de Fisterra definido no Anexo I do presente Convenio, unha vez subscrito o presente convenio.

CUARTA. Acordada a mutación demanial do vial polo Ministro de Fomento, e previos os trámites oportunos, a Autoridade Portuaria da Coruña procederá á transmisión da titularidade do mesmo a favor do Concello de Fisterra.

Para o perfeccionamento deste feito, asinarase a correspondente acta de entrega e recepción entre ambas partes, Autoridade Portuaria da Coruña e Concello de Fisterra, como refrendo do acordo de transmisión ao Concello da titularidade dominical do vial.

O Concello de Fisterra comprométese a realizar todas aquelas xestións necesarias para a modificación da titularidade do vial obxecto deste Convenio ante outras institucións ou rexistros públicos, unha vez sexa efectiva a cesión da titularidade, no caso de que así llo esixa a normativa vixente.

Sen prexuízo da cesión da titularidade do vial, o Concello de Fisterra garante de maneira indefinida, en todo momento e de forma gratuíta o acceso dos vehículos de servizo de sistemas de axuda á navegación da Autoridade Portuaria da Coruña, vencellados estritamente aos labores que lle son propios respecto ao Faro de Fisterra.

QUINTA. O presente Convenio, unha vez asinado, producirá efectos unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de órganos e instrumentos de Cooperación do sector público estatal e publicado no Boletín Oficial do Estado e terá unha vixencia de CATRO (4) anos desde a sinatura do mesmo.

Ambas partes acordan, ao abeiro do establecido no artigo 49.h.2º da Lei 40/2015, que, no caso de que transcorrido o prazo inicial de catro anos, non se puidese formalizar a cesión de titularidade de acordo co recollido nas cláusulas anteriores, poderá acordarse polas partes, de mutuo acordo, unha prórroga por un novo período de ata CATRO (4) ANOS adicionais, de forma expresa e antes da finalización do período inicial de vixencia.

O Convenio extinguirase anticipadamente no momento no que se formalice a cesión da titularidade do vial por parte da Autoridade Portuaria da Coruña a favor do Concello de Fisterra conforme ao recollido no acordo cuarto.

SEXTA. Coa finalidade de dar seguimento á execución deste Convenio créase unha Comisión mixta de seguimento e control, integrada por DOUS (2) representantes de cada un dos asinantes.

Esta Comisión resolverá as dúbidas relativas á interpretación e cumprimento do Convenio. As partes comprométense a resolver de maneira amistosa calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do Convenio.

SÉPTIMA. O presente Convenio contén todos os compromisos e declaracións das partes en relación ao seu obxecto. Os Anexos e Expoñendo do presente Convenio forman parte integrante do mesmo.

OITAVA. Calquera modificación do presente Convenio deberá ser adoptada por escrito para ter eficacia xurídica e ser asinada polos representantes legais de ambas partes.

NOVENA. O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constituían o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución as seguintes:

A) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordar a prórroga do mesmo.

B) O acordo unánime dos asinantes.

C) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado, así mesmo á Comisión Mixta.

Se transcorrido o prazo sinalado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indemnización dos prexuízos causados se así se prevera.

D) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

E) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

DECIMA. Este Convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen suscitarse na súa aplicación estarase aos principios do Dereito Administrativo, así como, en defecto dos anteriores, aos xerais do dereito común.

Para o non previsto no presente Convenio, será de aplicación a normativa vixente en cada momento.

Para a resolución de calquera cuestión litixiosa que se orixine en relación co presente Convenio, e que non puidese resolverse de forma amistosa no seo da Comisión, as partes sométense á competencia dos tribunais contencioso-administrativos de A Coruña.”

2) Facultar ao Sr. Alcalde para que nome e representación desta Corporación, proceda a sinatura de todos aqueles documentos que sexan necesarios para a execución deste acordo.-

INTERVENCIONS

Sr. Alcalde

Teño a confirmación de que por parte da Autoridade Portuaria se nos vai reparar toda a estrada de acceso ao faro. Trátase do mesmo convenio xa aprobado polo Pleno cunha pequena modificación de carácter xurídico.

Sr. García Pouso de Convergencia Galega

Considero que é un erro aprobar este Convenio de cesión se non hai un claro compromiso pola parte da Autoridade Portuaria para arranxo da estrada antes da súa formalización; é dicir eu vou a votar contra do convenio referenciado polas razóns antes expostas.-

Alcalde

Deixar claro que eu entendo a vosa oposición o Convenio pero nos non imos a volvernos atrás.-

5º.- Mocións de grupos políticos.-

A) Dada conta da Moción formulada por parte do grupo de goberno municipal (PSdG-PSOE e BNG) co seguinte contido:

ANTECEDENTES DE FEITO

O 9 de outubro de 1960, D^a Josefa Ballesteros Casal, vende a Cándido Insua González e outros, para a comunidade de veciños de Sardiñeiro de Abaixo, a finca denominada “ABREGUNDA”, segundo se pode comprobar no documento de compravenda que acompaña a esta Moción.

O 27 de xuño do ano 2000 a comunidade de veciños “O RUMBO” de Sardiñeiro de Abaixo, cede gratuitamente, en documento notarial, ao concello de Fisterra, unha parte da finca denominada “ABREGUNDA”, referenciada anteriormente, para a construción dun pavillón polideportivo. Neste documento cítase como título de propiedade da finca “... Por compra en documento privado a D^a Josefa Ballesteros Casal, no ano 1960 “.

A data de alta da asociación “O RUMBO” no rexistro provincial de asociacións, data do 11 de agosto de 1992, tal como se acredita en documento anexo a esta proposta, polo cal non podía asinar ningún contrato de compra venda no ano 1960, porque sinxelamente non existía. Queda claro que o título a que se refire o documento notarial é o que se fai referencia no primeiro parágrafo deste escrito. Polo cal se deduce que a asociación “O RUMBO”, nunca foi propietaria da finca “ABREGUNDA”, e quen sí son propietarios son todos os veciños de Sardiñeiro de Abaixo.

No documento notarial de xuño de 2000, refléxase que a asociación “O RUMBO” quédase co restante da finca matriz, que mide 508 metros

cuadrados, onde actualmente existe unha construción (Casa da Cultura de Sardiñeiro) feita con cartos públicos, e que teóricamente pertence á Asociación de Veciños "O RUMBO".

Poderíase entender que o fin de construír un pavillón polideportivo en Sardiñeiro, xustifícase o sistema utilizado. O que non se pode entender é, como neste procedemento, a asociación "O Rumbo" se quedase cunha parte da finca, que é de todos os veciños de Sardiñeiro de Abaixo.

Todos os veciños de Sardiñeiro de Abaixo deben ter dereito a desfrutar de toda a finca, e o que nela hai. Isto xa é así na parte que ocupa o pavillón pois é municipal pero non é así na parte que ocupa a Casa de Cultura, posto que en principio é propiedade da Asociación de Veciños "O Rumbo".

Consultados expertos xurídicos sobre como resolver este asunto, aconsellan que a maneira máis sinxela de poñer as cousas no seu sitio, é que a asociación "O Rumbo" ceda gratuitamente ao concello o resto da finca matriz coa casa de cultura.

Por todo o anteriormente exposto o grupo de goberno do concello de Fisterra solicita ao pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar a Asociación de Veciños "O Rumbo" de Sardiñeiro, que ceda gratuitamente ao Concello de Fisterra, os 508 metros cuadrados segregados da finca "ABREGUNDA", no documento do ano 2000, referenciado nesta Moción.
2. Facultar ao Alcalde para asinar todos aqueles documentos necesarios para a consecución do fin desta Moción.

Seguidamente o Pleno da Corporación municipal por 7 votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG, 1 CG) e sen a participación dos concelleiros do Grupo Popular, acorda aprobala na súa totalidade debendo remitirse dito acordo á Asociación de Veciños "O Rumbo".

INTERVENCIONS

Sr. Alcalde

Únicamente plantéase a Moción para que por parte da Asociación de Veciños "O Rumbo" se nos ceda gratuitamente o terreo a que se fai referencia coa fin de incluílo no Inventario Municipal Bens ao considerar que debe ser de todos os veciños do municipio.

Sr. Traba Fernández do grupo popular

Por non estar de acordo co seu contido, non participaremos na votación.

B) Dada conta da Moción presentada polo Grupo de Goberno municipal (PSdG-PSOE e BNG) en relación coa petición formulada pola Comunidade Eco-Social Boca de Sapo de Corcubión para a declaración de Fisterra “Concello libre de eucaliptos” co seguinte contido:

“O continuado proceso de eucaliptización que sofre Galicia, non se pode explicar soamente pola vontade dos propietarios dos montes nin moito menos polas condicións naturais e ambientais da nosa terra. Primeiramente, aspolíticas preconstitucionais impuxeron unha repoboación masiva e forzosa de especies de crecemento a través dos plans de patrimonio forestal do estado, en beneficio das industrias de pasta de papel. Estas directrices provocaron un deterioro progresivo da agricultura e da gandería e contribuíron en parte ao éxodo rural.

Posteriormente, xa na democracia, a Xunta de Galicia, asumindo as competencias en materia forestal, continuou a favorecer a expansión do eucalipto ata sobrepasar calquera límite racional e sustentábel. O resultado destas políticas é a transformación do monte galego nun inmenso eucaliptal ao servizo dos grandes oligopolios da industrial de papel, xunto cun letal deterioro do solo, da biodiversidade e da paisaxe natural de Galicia. Cómpre lembrar que nos últimos 40 anos os eucaliptais medraron en superficie un 300%, acadando case 400.000 has, un 28% da superficie arborizada de Galicia.

A imparable proliferación de eucaliptos, planificados, incontrolados ou ventureiros, supoñen un golpe mortal á biodiversidade, debido aos aceites esenciais das súas follas que ao caeren forman unha capa sobre o chan cunha baixa taxa de descomposición. Por outra banda, as súa raíces procuran a humidade e a auga a grande distancia, penetrando en mananciais e diminuíndo notablemente a cota hídrica dos acuíferos.

Ao ser unha especie pirófito, incrementa en gran medida o problema dos incendios forestais. Este problema agrávase aínda máis polo seu espallamento descontrolado e pola proliferación de plantacións ao carón dos núcleos habitados, co conseguinte risco para persoas e bens.

As leis en vigor (Lei autonómica 7/2012 de montes de Galicia, Lei autonómica 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, Lei estatal 42/2007 do patrimonio natural e da biodiversidade, Lei autonómica 9/2001 de conservación da natureza, Lei autonómica 2/2016 do solo de Galicia) aínda que insuficientes, garanten mínimamente a protección do monte galego e a súa planificación legal.

Desafortunadamente, en moitos casos estas leis nin se cumpren nin se fan cumprir. E hora de que as administracións se involucren decididamente na protección e salvagarda do monte galego. A defensa do Patrimonio dun país é tamén a defensa do seu Patrimonio forestal

CONSIDERACIONES DE INTERESE TERRITORIAL

As plantacións de eucalipto alteran profundamente a estrutura, xeometría e cromatismo da contorna e modifican a paisaxe nun período de tempo moi curto.

O Concello de Fisterra é un Concello turístico e por tanto resulta paradoxal que a práctica totalidade do seu territorio estea invadido por eucaliptos, que enmarcan o pobo dentro dunha anarquía paisaxística que contrasta brutalmente coa harmoniosidade estrutural da vila.

Atendendo á seguridade do Concello, os eucaliptos, como xa se dixo, son máis propicios aos incendios que outras árbores. Incendios que se propagan facilmente e son máis difíciles de combatir, agás que se trate de plantacións de escasa altura. Nos incendios, as muxicas producidas pola queima da folla e da casca propáganse a moita velocidade e a gran distancia, podendo chegar a máis dun km, cos conseguintes riscos para a poboación da contorna.

O noso concello non é alleo a este perigo. Atópase na súa meirande parte, invadido por plantacións de eucaliptos co risco que iso supón para as casas e sobre todo para a seguridade dos veciños, especialmente para os vellos e os nenos. Temos todos moi presentes as terribles consecuencias das vagas de lumes que asolaron o noso país e o país veciño hai poucas datas. Unha traxedia que non deberiamos esquecer, xa que a situación real de abandono dos montes de Corcubión resulta patente, con risco real de que se reproduzan situacións indesexadas en escenarios ben semellantes aos do país irmán.

Por este motivos, o grupo de goberno do Concello de Fisterra

SOLICITA:

1. A declaración de Fisterra como Concello libre de Eucaliptos.
2. A eliminación dos eucaliptos ventureiros en camiños e terreos municipais, substituíndoos, se fose posible por especies frondosas.
3. O compromiso da administración local nos requirimentos oportunos para facer cumprir a lei (lei autonómica 7/2012 de montes de Galicia art. 61 e 67) en materia de distancias de seguridade entre os eucaliptos e as vivendas, estradas e camiños.
4. Comunicar esta Resolución a todos os concellos da comarca, solicitando que fagan o mesmo.

Despois dunha serie de deliberacións sobre o particular, o Sr. Alcalde manifesta que ante a confusión que poida crear o contido de diversos aspectos desta Moción que se poidan copiar literalmente, formula proposta de deixar o asunto sobre a Mesa.

O Pleno por Nove votos a favor (4 PSdG-PSOE, 4 PP, 1 CG) e dous en contra do Grupo BNG, acorda deixar o asunto sobre a Mesa.

Sendo ás 21 horas 12 minutos, ausentáse da sesión a Concelleira do grupo socialista, Sra Soledad Vilela por razóns de traballo.-

Seguidamente, dita Moción é feita como súa por parte do grupo Bloque Nacionalista Galego, dado que "**para nós simboliza unha necesidade de concienciar á xente sobre a plantación de eucaliptos**", non se vai impedir a ninguén, pero traballaremos para que ao final as súas plantacións vaian a menos.

O Pleno da Corporación por Dous votos a favor dos Concelleiros do grupo BNG e Oito en contra (3 PSdG-PSOE, 4 PP e 1 CG) queda rexeitada na súa totalidade pola problemática da interpretación do contido e coa fin de darlle unha nova redacción.

6º.-Proposta modificación Regulamento Municipal de Animais Domésticos.-

Dada conta da MEMORIA XUSTIFICATIVA suscrita por parte do Tenente de Alcalde, Sr. Sar Oliveira :

1.- Porque as praias son espazos naturais e os cans e animais de compañía forman parte da natureza, ao igual que os peixes, gaivotas e demais paxaros.

2.- Porque non poden deixar soas as mascotas mentres se desfruta dun día de praia.

3.- Porque as mascotas teñen dereito a desfrutar das praias, ao igual cós demais seres que habitamos o planeta.

4.- Porque moitos cans, ao igual que as persoas, necesitan bañarse na auga do mar como método curativo dalgunhas enfermidades.

5.- Porque pode axudar a reactivar o turismo de Fisterra, xa que case o 40% dos fogares do estado teñen can na casa e sería un bo reclamo para turistas que viaxan coa súa mascota.

Unha vez examinada a Lei 4/2017 de 3 de outubro de Protección e Benestar dos animais de compañía en Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia número 194 de data 11 de outubro de 2017 e,

Tendo en conta que na actualidade encóntrase vixente o Regulamento Municipal de Animais Domésticos e animais salvaxes en catividade aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do día 3 de febreiro de 2015 (Boletín Oficial da Provincia número 72 de 20 de abril de 2015) que establece:

Capítulo V

Circulación de animais polas vías e espazos públicos.

Art. 13º) Presenza de cans nas praias e terreos accesorios.

Está prohibida a circulación e estadia dos cans nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas ou ao servizo dos seus usuarios no período que vai do 1 de xuño ao 30 de setembro de cada ano.

Exceptúanse da prohibición anterior os cans de guía de invidentes e minusválidos.

Á vista de todo elo o **Grupo municipal do BNG** formula Proposta ao Pleno da Corporación para Modificación do citado Artigo co seguinte contido:

Capítulo V

Circulación de animais polas vías e espazos públicos.

Art. 13º) Presenza de cans nas praias e terreos accesorios

Está prohibida a circulación ou estadia dos cans nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas ou ao servizo de usuarios, salvo nas praias “ Mar de Fóra” e “Arnela” no período que vai de 1 de xuño ao 30 de setembro.

Exceptúanse da prohibición anterior os cans guías de invidentes e minusválidos.

O Pleno por seis votos a favor (3 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 CG) e Catro en contra dos concelleiros do Grupo Popular acorda :

1) Aprobar a Modificación do Artigo antes referido, quedando co seguinte contido:

“Está prohibida a circulación ou estadia dos cans nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas ou ao servizo de usuarios, salvo nas praias que se indiquen mediante Resolución da Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local no período que vai de 1 de xuño ao 30 de setembro.”

Exceptúanse da prohibición anterior os cans guías de invidentes e minusválidos.

2) Expoñer ó público o expediente por espazo de Trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.-

3) No caso de non presentarse reclamacións contra a mesma o acordo entenderáse definitivamente aprobada.-

Sendo as 21:45 horas auséntase do Salón de Sesións a Concelleira do grupo Popular, Sra Rocío Marcote Canosa por razóns de traballo.

7º.- Proposta modificación Ordenanza Fiscal da Taxa de vados.-

O Pleno por Seis votos a favor (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 1 CG) e tres abstencións do grupo popular acorda :

1) Aprobar a Modificación do Artigo 5.2 da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga e outras actividades en interese particular, quedando co seguinte contido:

Horario	(€)
De 8 a 20 horas	
Por metro cadrado	15 € / ano
Reserva permanente (24 horas)	
Por metro cadrado	20 € / ano

Tarifas

2) Expoñer ó público o expediente por espazo de Trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.-

3) No caso de non presentarse reclamacións contra a mesma o acordo entenderáse definitivamente aprobada.-

8º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.-

Dáse conta das seguintes :

-Altas, Baixas e Cambios de Domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.

-Solicitud de subvención por importe de 15.000,000 € á Excma Deputación Provincial para contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2019.

-Concesión de axuda social en favor de C. M. A. S. por importe de 129,00 €.

-Concesión de axuda económica por importe de 300,00 € en favor de M. D. L. P.

- Resolución sancionadora de tráfico.

-Solicitud de subvención á Excma. Deputación Provincial por importe de 12.000€ coa finalidade de mantemento do Servizo de Normalización Lingüística.

-Solicitud de rexistro de animais perigosos a nome de Celtia Manuela Rivera Trillo.

-Solicitud de subvención para levar a cabo o III Festival Internacional de Blues de Fisterra á Excma Deputación Provincial por un importe total de 51.711,80 €.

-Solicitud xeral a nome de Miguel Villar Costoyas en nome e representación da Asociación FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

-Solicitud de subvención á Excma Deputación Provincia de 33.840,00 € para financiamento da contratación persoal limpeza praias 2019 (3 meses).

- Concesión de axuda de emerxencia social a nome de M. A. L. D. por importe de 400 € para afrontar gastos de primeira necesidade.

- Subvención mellora infraestruturas turísticas polo importe de Corenta e cinco mil euros (45.000 €).

- Concesión de días por hospitalización de familiar a favor de Alicia López Gil durante os días 14, 15, 18 e 19 de febreiro de 2019.

- Resolución de selado de aporte de verquido de augas brancas por parte da brigada municipal de obras e servizos ante o requirimento efectuado a Carlos Cives Martínez.

- Formalización de convenio de colaboración cos concellos de Carnota, Corcubión, Dumbría, Fisterra e Confraría de Pescadores de O Pindo aos efectos de solicitar conxuntamente cos citados Concellos axuda á Consellería do Mar coa finalidade de levar a cabo o Proxecto non produtivo denominado “Contos do Mar”.

-Adxudicación mediante contrato menor a prestación do servizo de atención no Museo de Pesca en favor de Francisco Manuel López Martínez.

-Bases Contratación técnicos de turismo (Deputación 2019), Dous traballadores en réxime laboral eventual durante un período de seis meses a tempo completo.

- Contratación de Violeta Costa Lago ante a necesidade de substitución de Violeta Traba Castreje durante o período comprendido entre o 25 ao 28 de febreiro de 2019.

- Concesión de días en favor de Violeta Traba Castreje os día 25, 26, 27 e 28 de febreiro de 2019 por asuntos particulares.

- Aprobación do proxecto de investimento denominado “Iluminación Paseo Marítimo da Praia Langosteira (Fase 3)” cun Presuposto de 51.231,32 € e solicitar da Consellería de Medio Ambiente unha subvención polo importe

de Corenta Mil novecientos oitenta e cinco euros con seis céntimos (40.985,06 €).

-Aprobación do gasto polo importe de Quince Mil seiscentos euros (15.600,00 €) para adxudicación de subministros destinados a Tráfico e Ordenación Urbana.

- Aprobación do proxecto da obra denominada "Mellora do camiño de Escaselas á Praia do Rostro (Fase II)" cun presuposto de execución que ascende á cantidade de Corenta e cinco mil seiscentos noventa e un euros con trinta e oito céntimos (45.691,38 €). Solicita da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural unha axuda polo importe de 37.137 €.

- Desestimación de alegacións presentadas por Norberto Lestón Areas en data 19 de outubro de 2018.

-Aprobación de subvención solicitada á Secretaría Xeral de Igualdade polo importe total de 9.812,00 € coa fin de levar a cabo o programa "RESPIRA FISTERRA 2019".

-Aprobación de Memoria redactada polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación coa fin de levar a cabo o Programa "Entérate 2019" cun presuposto de Tres Mil vinte e cinco (3.025,00 €) durante o período comprendido entre o 12 de setembro ao 25 de novembro de 2019.

- Aprobación de Memoria explicativa redactada ao efecto para poder levar a cabo a contratación de persoal técnico no Museo de Pesca de Fisterra cun gasto total de Quince Mil seiscentos oito euros con vinte e cinco céntimos (15.608,25 €), solicitando da Excma. Deputación Provincial unha subvención para dita finalidade polo importe de de 15.224,13 €.

- Lista provisional de admitidos e excluídos prazas técnicas de turismo, Subvencionadas pola Excma Deputación Provincial.-

-Solicitar da Excma Deputación Provincial a adhesión ao programa de Integración Laboral polo importe de Corenta e Tres mil euros para financiar a contratación de 6 peóns durante 5 meses.

-Aprobar o gasto por importe de 1.666,57 € en favor de María Lourdes Domínguez Lago e José Antonio Domínguez Domínguez, resultante da responsabilidade patrimonial desta corporación polos danos causados con cargo ao presuposto ordinario prorrogado para o ano 2019.

-Expediente de limpeza de finca na parte posterior do edificio Mar de Ardora sito no paseo marítimo da Praia da Langosteira.

-Resolución para que se adopten as medidas oportunas para que polos servizos xurídicos do Concello se obteña a autorización de entrada na finca propiedade do Sr. Canosa Senlle, sita na paraxe de Abieiriña, lugar de Castromiñán.

- Aprobación de lista definitiva de técnicos de información turística.
- Persoarse no procedemento do Xulgado do Social nº 1 da Coruña no auto de despido 768/2018 interposto por JOSE ANTONIO LOPEZ CANOSA contra o Concello de Fisterra, exercendo este Concello a súa defensa e representación.
- Nomeamento de María Rodríguez Fernández, como Técnico de Turismo (Deputación 2019)
- Nomeamento de Iria García Sar, como técnico de turismo (Deputación 2019)
- Asistencia por parte de Alicia López Gil ao II Encontro de Dinamizadores de Telecentros.
- Concesión de días en favor de Osvaldo Santos Lobelos durante os días 15, 16 e 17 de abril de 2019.
- Contratación de Oscar Liñeiro Iglesias ante a substitución de José Manuel Marcote Senlle.
- Aprobación da Liquidación Presuposto ordinario do ano 2018.
- Días en favor de Osvaldo Santos Lobelos durante os días 28 e 29 de marzo por asuntos particulares.
- Aprobación de Oferta de Emprego Público de 1 funcionario de carreira (Técnico de Turismo)
- Aprobación de Bases Técnico de Información turística, Xunta de Galicia
- Suspensión inmediata de obras a nome de David López Macías no establecemento público “The World Family” sobre pintado de fachada.-
- Concesión de días por asuntos particulares a favor de M^a José Traba Traba.
- Autorización para celebrar os festexos da amizade en Sardiñeiro o día 13/04/2019 no Campo de Lagares.
- Contratación de Violeta Costa Lago como auxiliar de axuda no fogar ante a substitución de M^a Lourdes Domínguez Lago.
- Días en favor de M^a Lourdes Domínguez Lago durante o período 9, 10 e 11 de abril de 2019, e permiso por matrimonio durante os días 12 ao 26 de abril (ambos incluídos).

O Pleno dáse por enterado.-

9º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

¿Por qué está pechado o albergue de peregrinos municipal?

Sr. Alcalde

Pola baixa da actual empregada pública, Begoña Valdomar Insua e pensase cubrir cos restantes Técnicos de Turismo que se van contratar.

Dado que o expediente de responsabilidade por danos rematou, ¿formulouse reclamación á empresa de colectores?.

Sr. Alcalde

Déronse as ordes administrativas para enviar oficio ao representante da empresa.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:53 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**